

A FeSP-UGT SOLICITA UN AUMENTO DE PRAZAS PARA OPE DO 2018

Ante o anuncio da Oferta de Emprego Público Docente, feita polo Presidente da Xunta de Galicia o pasado 25 de xaneiro, esta organización sindical solicitou formalmente que se convocara a Subcomisión de Seguimento do **Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos na Xunta de Galicia**.

No día de hoxe, reuniuse a **SUBCOMISIÓN de SEGUIMIENTO DO ACORDO**, asistindo a Administración e as organizacións asinantes do acordo (**FeSP-UGT**, CCOO e CSIF), ademais de ANPE como organización adherida con posterioridade, cun único punto da orde do día. **A OPE do ano 2018**.

Na devandita reunión da SUBCOMISIÓN a **FeSP-UGT** esixiu da ADMINISTRACIÓN que procedese a **INCREMENTAR** o número de prazas anunciadas (1919 prazas) nun número tal que permitisen superar as 2000 prazas, asignando ese incremento a prazas consideradas de estabilización cos seguintes obxectivos:

- **Reducir ó máximo a precariedade e temporalidade das prazas docentes**, estabilizando neste primeiro ano (2018) dos tres de aplicación do acordo (2019 e 2020) o maior número de prazas.
- **Corrixir** unha das problemáticas que o profesorado e os centros educativos nos veñen trasladando: **a falla de estabilidade dos equipos docentes dos centros**.

Como cuestión que vai aparellada ás ofertas de emprego, **demandamos** da Consellería que no proceso de **Concurso de Traslados** en vigor se proceda a **ampliar** o número de vacantes obxecto do Concurso.

Esta medida tamén redundará nas reivindicacións do profesorado en expectativa de destino de acadar destino definitivo, estabilizando tamén as plantillas do profesorado.

A **Consellería de Educación comprometeuse a estudar** as peticións feitas por esta organización sindical.

Desde a FeSP-UGT Ensino **denunciamos** a tardía convocatoria desta Subcomisión e **instamos** á Consellería a que as vindeiras reunións sexan previas ós anuncios da consellería.

Sindicato Nacional de Ensino Público